


MANUAL DE USUARIO DE "CREAWEB"

¿Qué é Creaweb?

É unha ferramenta web integrada dentro do portal www.ponteceso.net, propiedade do Concello de Ponteceso, que se pon a disposición das asociacións e entidades sen ánimo de lucro do termo municipal, para que poida ser usada como mecanismo de comunicación entre a asociación e os seus demandantes de información.

MENÚ PRINCIPAL:



DEPARTAMENTO:

Nesta sección cubriremos todos os **datos pertencentes a túa asociación**.


Nome, presentación, contacto, imaxe e logo da asociación se existise.

Así mesmo, dende esta opción do menú configuraremos todos aqueles elementos que queremos que aparezan na web, que os usuarios verán.

NOVAS:

Na sección menú. Se poñemos "o", non aparece no **menú da web pública**, se poñemos 1 si aparece. É convinte ter esto claro para todos os elementos dispoñibles para o usuario: novas, axenda, descargas, galerías de fotos e ligazóns.

As seccións título e presentación, no caso das opcións de menú (novas, axenda, descargas, galerías de fotos e ligazóns) convén deixala **sempre vacía**.



GALERIAS

1 (Se 0 non sae)

Todas as opcións de menú (novas, axenda, descargas, galerías de fotos e ligazóns) son iguais na súa configuración.

FORMULARIO DE CONSULTA:

Email: Se non introducimos ningún non aparecerá o formulario de consulta. Se poñemos un email, cada vez que alguén faga unha consulta enviarase a ese email a consulta realizada dende a web.

Título: Será o título que terá o formulario.

Presentación: Texto de presentación indicando para que usamos o formulario.


Despedida: Texto de despedida unha vez se envíe o formulario de consulta.

FORMULARIO CONSULTA


(Se vacío non sae)

A través de este formulario, puede solicitarnos cualquier información relacionada con la Fundación.

Gracias por su interés



ACTUALIDADE:



Novas:

Ó pulsar en novas, aparecerán todas as novas publicadas na web, se é a primeira vez, como é obvio, non aparecerá ningunha.

Engadir novo elemento

Titulo	Data	Orde	Opcións	
Programa de Becas de la Fundación	27-03-2008	1	Borrar	Modificar
Nº de entradas: 1				

Engadir novo elemento

Fixémonos na figura anterior. Existe un botón que pon engadir novo elemento. Se pulsamos nel, poderemos comezar a introducir os datos para unha nova.

Data (dd-mm-aaaa):

Título:

Antetítulo:

Texto:

Imaxe:

Descrición da imaxe:

Posición imaxe:

Orde: (Si 0 pasa á hemeroteca; As de maior saen primeiro)

Descarga asociada:

Título da descarga:

Data: Introduciremos a data do día en que se inserta a noticia, co seguinte formato. Se estamos a 23 de Maio de 2008, **introducimos 23-05-2008. Isto é moi importante.**

Título: Título da nova.

Antetítulo: Resumo da nova que se vai insertar.

Texto: Corpo da noticia.

Imaxe: Podemos apoiar a noticia cunha imaxe. Debemos ter en conta que non poden ser imaxes grandes, debemos reducilas cun programa apropiado. Se **non se ten claro** este tema, mellor **non usar imaxes**, mentras non se teña clarificado.

Descrición da imaxe: Texto que aparecerá cando, co ratón, poñamos o punteiro encima dela.

Posición da imaxe: ¿Onde queremos que apareza a imaxe?

Orde: Se temos un "0", esa noticia pasa a hemeroteca, non se ve na páxina principal. Según o número que poñamos, **canto maior**, antes **saen as novas**. Nova con orde 1 sae máis abaixo que unha nova con orde 2.

Descarga asociada: Existen ocasións nas que interesa apoiar a nova cun documento adxunto. Ex: I Feira da Tortilla. Pode interesar poñer o cartel como descarga asociada.


Título da descarga: Aparecerá visible para todos os usuarios que visiten a nosa web.

Ligazóns: Son enlaces que apoian a noticia. Ex: Cando queiramos que se vexa máis información relacionada cun tema e existan webs que recollan esa información.

AXENDA:

Esta sección é moi parecida a "Novas". Ó pulsar sobre ela, aparecerán todos os eventos da axenda insertados.

Se pulsamos en "Engadir novo elemento", poderemos insertar un novo evento na axenda.

Data (en texto):	<input type="text"/>
Título:	<input type="text"/>
Texto:	<div style="border: 1px solid black; height: 100px; width: 100%;"></div>
	
URL:	<input type="text"/>
Mail:	<input type="text"/>
Data vencemento (dd-mm-aaaa):	<input type="text"/>
Imaxe:	<input type="text"/> <input type="button" value="Examinar..."/>
Descrición da imaxe:	<input type="text"/>
Posición imaxe:	<input type="text" value="Dereita"/> ▼
Descarga:	<input type="text"/> <input type="button" value="Examinar..."/>
Título da descarga:	<input type="text"/>
<input type="button" value="Engadir datos"/>	

Data: Esta vez escribiremos a data en texto. Ex: 3 de Maio de 2008.

Título: Título do evento.

Texto: O texto que queiramos poñer sobre o evento.

Url: Se existe unha web realcionada co evento.

Mail: Correo electrónico de contacto, se se quere introducir.

Data de vencemento: Data na que **deixará de estar visible o evento**. Se é o 3 de Maio, convén que a data de vencemento **sexa ese mesmo día**. Desta volta, escribimos a data no seguinte formato: 03-05-2008.

Imaxe: Escollemos a imaxe que queiramos que apareza. Ollo cos tamaños. Deben de ser mínimos. Especificaremos o tamaño 130x130 ou menor.

Descrición da imaxe: Será visible para todos os usuarios.

Posición da imaxe: Ecollemos a posición que a imaxe vai adoptar. Esquerda, dereita...

Descargas: Se queremos incluír algunha descarga asociada: un cartel, un documento, etc.





Título da descarga: Poñeremos un título do documento que se vai a descargar.



INFORMACIÓN:

Seccións: Sirve para crear elementos no menú principal. Pode ser de interese incluír neste menú que se verá ó público e no que xa salen novas, axenda, documentos, etc, incluír tamén outras seccións fixas como Directiva, Actividades anuais, etc.

Título:

Descrición:

B
 I
 
 
 
 

Imaxe:

Descrición imaxe:

Posición imaxe:

Orde:

Menú:

Título: O nome da sección que aparecerá no menú, exemplo: "directiva".

Imaxe: Convén deixalo vacío, polo tanto non usaremos nin descrición nin posición da imaxe. Respétense tamaños.

Orde: Orde no menú, se se pon un número inferior aparecerá máis arriba.

Menú: Para que apareza no menú principal debemos marcar a casilla.

PARÁGRAFOS:

Toda información se distribúe en parágrafos (párrafos). Dentro dunha sección do menú a que pertence, por exemplo, "directiva" pode haber varios parágrafos.

Exemplo:

Ó pinchar dende a web Actividades de interese, podería aparecer:

Culturais:


X
X

X
X
X
X

Deportivas:

Y
Y
Y
Y
Y
Y

Culturais é un parágrafo e Deportivas e outro dentro da sección do menú "Actividades".

Categoría:	Actividades culturais ▼
Título:	<input type="text"/>
Texto:	<div style="border: 1px solid gray; height: 100px; width: 100%;"></div>
	
Orde:	<input type="text" value="0"/> (Si 0 non sae; As de menor saen primeiro)
URL:	<input type="text"/>
Email:	<input type="text"/>
Imaxe:	<input type="text"/> <input type="button" value="Examinar..."/>
Descrición imaxe:	<input type="text"/>
Posición imaxe:	Dereita ▼
Descarga asociada:	<input type="text"/> <input type="button" value="Examinar..."/>
Título descarga:	<input type="text"/>
<input type="button" value="Engadir datos"/>	

Categoría: Sección do menú na que se vai incluír o parágrafo.

Título: Título do parágrafo que aparecerá. Por exemplo, Festa de Antroido.

Texto: Corpo de texto do parágrafo, a descrición desa actividade, por exemplo.

Orde: Orde na que aparecerá o parágrafo, se "0" non sae, canto menor sexa o número máis arriba sae.

Url: Se queremos poñer un enlace a outra páxina web.

Imaxe: Se queremos apoiar o texto cunha imaxe.

Posición: Posición que adoptará a imaxe.

Descrición: Texto que sairá cando coloquemos o punteiro do ratón sobre a imaxe.

Descarga asociada: Se queremos apoiar o texto con algunha descarga asociada.

Título da descarga: Título que aparecerá de cara ó público desa descarga.

DESCARGAS:


Este apartado permitirá **almacenar documentos** de texto, pdf, etc na nosa páxina web, sempre agrupados por categorías.

Por exemplo: Documentos de cultura, Documentos de Deporte.

Inserción de categorías:

Título:

Descrición:



Imaxe:

Orde:

Título: Título da categoría.

Descrición: Non se recomenda poñer nada.

Imaxe: Non se recomenda usala.

Orde: Igual que sempre, canto menor se poña máis arriba aparecerá, co o non aparece.

Inserción de documentos:

Categoría:

Nome:

Arquivo:

Tamaño:

Descrición:

URL:

Orde: (Se 0 non aparece - As de menor van primeiro)

Categoría: Escollemos entre unha das categorías dadas de alta.

Nome: Nome do ficheiro.

Arquivo: Buscamos o ficheiro que queiramos subir ó servidor.

Tamaño: Tamaño do ficheiro, se se coñece.

Descrición: Descrición do ficheiro que se vai a subir.

Url: Web relacionada, se existe.

Orde: Como sempre, orde na que aparecerá o ficheiro no listado, se "0" non aparece, as de menor van primeiro.

LIGAZÓNS:

Como no caso das descargas, primeiro teremos que dar de alta categorías e posteriormente as direccións web sobre as categorías.

Categorías:

Título:

Descrición:

Título: Título da categoría.

Descrición: Non se recomenda.

Inserción de ligazóns:

Categoría:

Título:

URL:

Mail:

Contacto:

Texto:

Orde: (Se 0 non aparece - As de menor van primeiro)

Imaxe:

Categoría: Categoría desa ligazón: Cultura, deporte, saúde, etc.

Título da ligazón: Ex: Concello de Laxe

Url: Dirección web da ligazón, sempre debe comezar con http://

Mail: Email de contacto da persoa responsable da web, se se coñece.

Contacto: Nome de contacto da persoa responsable da web, se se coñece.

Texto: Breve descrición dos contidos da web.

Orde: Igual que sempre, se "0" non aparece, se menor antes.


Imaxe: Non se recomenda o uso.

GALERÍAS:

Permite a introducción de galerías de fotografías, para eso podemos introducir varias categorías, e sobre esas categorías meter as imaxes.

Exemplo: Unha galería de imaxes da "Viaxe a Lugo", outra da "Viaxe a Ourense", etc.

Insercción de categorías:

Título:	<input type="text"/>
Descrición:	<input type="text"/>
	
Orde:	<input type="text" value="0"/> (Se 0 non aparece - As de menor saen primeiro)
Columnas:	<input type="text" value="3"/> (Nº de columnas ao amosar as pequenas)
Ancho pequena:	<input type="text" value="120"/>
Alto pequena:	<input type="text" value="100"/>
Ancho media:	<input type="text" value="400"/>
Alto mediana:	<input type="text" value="0"/>
Por páxina:	<input type="text" value="15"/> (Nº de fotos pequenas por páxina)
Imaxe:	<input type="text"/> <input type="button" value="Examinar..."/>
<input type="button" value="Engadir datos"/>	

Título: Título da categoría

Descrición: Descrición da categoría, se se quere.

Orde: Igual que sempre.

O RESTO DOS PARÁMETROS NON DEBE MODIFICARSE.**Inserción de imaxes nas categorías:**

Galería:

Título:

Texto:

Orde: (Se 0 non aparece - As de menor van primeiro)

Imaxe:

Galería: Escollemos a categoría onde vai ser insertada a imaxe: "Viaxe a Lugo", por exemplo.

Título: Título da imaxe, pequeno non moi grande.

Texto: Non se recomenda.

Orde: Como sempre.

Imaxe: Imaxe física que vamos a subir dende o noso PC ó servidor.

-----FIN-----

Teñan paciencia e disfruten de Creaweb, unha ferramenta útil para a súa Asociación.

DEPARTAMENTO DE INFORMÁTICA DO CONCELLO DE PONTECESO

